

LOLAPOP



Dende AER queremos comunicar a nosa absoluta indignación á axuda, subvención, o como queira chamarlle o concelleiro de cultura Alberto Pazos Couñago, aos 20.000 € máis IVE á produtora Ernie Producións S.L. pola organización do festival Lolapop.

No noso concello hai numerosas organizacións sen ánimo de lucro que organizan ao longo do ano diversos eventos que sufriron recortes nas axudas por falta de cartos, recibindo moitas delas axudas ridículas.

Podemos entender que si non hai cartos, o Concello non pode aportar tanto como en épocas de bonanza económica; o que non é de recibo e que una empresa privada cuxo obxectivo é encherse os petos reciba tal cantidade de cartos e as asociacións do pobo que levan anos traballando e organizando todo tipo de eventos no eido da cultura sufran estes recortes.

En que quedamos? Hai cartos ou non? Ou é que recortamos aos que non se lucran para darlle os cartos a empresas privadas para que fagan o seu agosto?

AER pensa que o concelleiro de cultura acaba de tomarlle o pelo ao pobo en xeral e en particular ás diversas organizacións e asociacións culturais do noso concello.

Dende AER preguntamos ao concelleiro de cultura por que, se xa tiña dende o 24 de xullo unha solicitude nosa para saber que tipo de colaboración tiña o Concello con dito festival, non nos contestou ata o 23 de agosto.

A resposta témola no propio escrito que nos deu:

Comunicámoslle que a contribución económica do Concello de Redondela na organización do Festival LOLAPOP e de 20.000 euros máis o IVE, asemade pregámoslle desculpas na demora da información debido que o tempo de formular a súa pregunta aínda non se procedera a asinar o contrato nen a pechar as negociacións.

Está claro, non quixo informarnos antes para que isto non saíra á luz pública e así non ter que abortar a firma do contrato ante a indignación do pobo.